

**Categoría alevín:**

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 700 euros

**Categoría cadete:**

- Primeiro premio: 1.500 euros
- Segundo premio: 1.000 euros

**Mención especial nas categorías infantil e benxamín:**

200 euros para cada unha das categorías

**Mención especial nas categorías alevín e cadete:**

400 euros para cada unha das categorías

A gala de clausura do festival terá lugar o **venres 31 de maio de 2019** no salón de actos do Sexto Edificio do Museo de Pontevedra.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

Museo de Pontevedra. Edificio Fernández López  
Rúa Pasantería, 2-12  
36002 Pontevedra

Teléfono: +34 986 804 100  
Fax: +34 886 201 301

Correo-e: [curtas.museo@depo.gal](mailto:curtas.museo@depo.gal)  
Web: [www.museo.depo.gal](http://www.museo.depo.gal)

[www.depo.gal](http://www.depo.gal)  
[www.museo.depo.gal](http://www.museo.depo.gal)

[facebook.com/MuseoPontevedra](https://facebook.com/MuseoPontevedra)

Depósito legal: PO 560-2018

**O MUSEO DE  
PONTEVEDRA  
EN CURTAMETRAXES**  
II FESTIVAL AUDIOVISUAL INFANTIL E XUVENIL



# BASES DE PARTICIPACIÓN

O **Museo de Pontevedra en Curtametraxes** é un festival que ten como obxectivo fomentar e divulgar o patrimonio cultural entre a infancia e a mocidade a través das obras e coleccións expostas no Sexto Edificio, no Edificio Sarmiento e nas Ruínas de San Domingos e tamén celebrar o 90 aniversario da creación do Museo de Pontevedra.

## QUEN PODE PARTICIPAR

O alumnado de 5.º e 6.º de educación primaria e o de secundaria, bacharelato, grao medio ou formación profesional básica, tanto a título individual coma en grupo, a condición de que estea representado por unha persoa maior de idade (nai, pai, titora ou titor legal) no caso de presentarse de forma individual ou pola Dirección ou Xefatura de Estudos do centro escolar cando se presente a nivel grupal, xa que todas as persoas participantes son menores de idade a 31 de decembro de 2018.

A participación será gratuíta.

## CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

Existen catro categorías de participación:

- **Categoría infantil:** para alumnado que curse 5.º e 6.º de educación primaria
- **Categoría benxamín:** para alumnado que curse 1.º e 2.º de educación secundaria
- **Categoría alevín:** para alumnado que curse 3.º e 4.º de educación secundaria
- **Categoría cadete:** para alumnado de bacharelato, grao medio e formación profesional básica

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E INSCRICIÓN

As persoas representantes legais (nais, pais, titoras ou titores) das candidatas e candidatos ou ben a Dirección ou Xefatura de Estudos dos centros de ensino deberán acceder á páxina web [www.museo.depo.gal](http://www.museo.depo.gal) e completar o formulario de solicitude de conformidade cos termos e condicións contemplados nestas bases.

**A data límite para inscribirse é o 18 de xaneiro de 2019 e para enviar a curtametraxe o 12 de abril de 2019.**

As curtas enviaranse a través dunha das seguintes opcións, especificando sempre en que categoría se inscriben:

1. Mediante o envío postal ou por mensaxería dunha copia da curtametraxe e do formulario de solicitude á Secretaría do Museo de Pontevedra
2. Directamente na Secretaría do Museo de Pontevedra
3. En liña, a través do correo electrónico ou de plataformas de transferencia de datos, a [curtas.museo@depo.gal](mailto:curtas.museo@depo.gal)

Cada participante ou grupo de participantes só poderá presentar unha curtametraxe. Os centros de ensino unicamente poderán presentar dúas curtametraxes por cada categoría.

As obras presentadas nesta edición do festival non poderán participar en vindeiras edicións.

## TEMÁTICA

As curtametraxes presentadas deberán ter como obxectivo promover o patrimonio cultural exposto no Sexto Edificio, no Edificio Sarmiento e nas Ruínas de San Domingos ou celebrar o 90 aniversario da creación do Museo de Pontevedra desde a visión particular da infancia e da xuventude. Serán en galego e poderán incluír subtítulos para as persoas con discapacidade auditiva.

## CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

As curtametraxes realizaranse con cámaras, videocámaras, tabletas ou teléfonos móbiles. Deberán estar dirixidas, protagonizadas e realizadas exclusivamente por menores e non poderán durar máis de cinco minutos, cos créditos incluídos.

## EXHIBICIÓN

As curtametraxes que cumpran os criterios das bases de participación poderán visualizarse a través de [www.museo.depo.gal](http://www.museo.depo.gal), no Facebook do Museo ou na canle de Youtube a partir do 20 de maio de 2019 e tamén nas dependencias do Sexto Edificio ou do Edificio Sarmiento.

## SELECCIÓN E PREMIOS

Entregaranse oito premios, dous por cada categoría, previa selección do xurado. A organización da segunda edición do festival poderá declarar deserta algunha categoría ou realizar unha mención especial.

As contías dos premios son as seguintes:

### Categoría infantil:

- Primeiro premio: 600 euros
- Segundo premio: 300 euros

### Categoría benxamín:

- Primeiro premio: 800 euros
- Segundo premio: 500 euros